



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

BANDO

DON JOSÉ ANGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE FRIOL

FAI SABER QUE:

En relación coas fogueiras de San Xoan de realización tradicional no noso Concello, este ano e á vista da situación especial derivada da epidemia do COVID 19, non se autorizarán fogueiras nas que se conte cunha asistencia masiva de persoas.

Polo que respecta as fogueiras de ámbito familiar non será necesario pedir ningunha autorización previa no Concello pero si ter en conta as seguintes indicacións, que serán de obrigado cumprimento:

- Os titulares da finca en que se realicen serán responsables dos danos que poidan ocasionar con motivo da mesma.
- Deberán deixar recollidos os restos unha vez rematada a queima.
- **As fogueiras realizaranse en parcelas privadas** (sen acceso ao público en xeral) polo que non poderán facerse en vías públicas pavimentadas, nin en zonas verdes ou xardíns, lugares próximos a liña eléctrica, inmobles, zoas verdes ou xardíns, liñas eléctricas e naqueles onde poida crearse situacións de perigo.
- As fogueiras terán que gardar unha separación mínima de 12 metros lineais coa vexetación, coas casas e os edificios mais cercanos.
- A súa altura máxima será de 14 metros e o diámetro da zona de combustión non superará os 6 metros de ancho.
- Para a combustión só poderá empregarse leña, ramas, troncos de árbores ou calquera material de madeira. Estará prohibido o uso de materiais inflamables como rodas e cubertas de goma, plástico ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes, explosivos, fedorentos ou tóxicos.
- **Deberase deixar apagado o foco antes de marcharse;** en caso de vento non se poderá levar a cabo o prendido da mesma.
- En todo caso **cumpriranse as medidas de prevención** necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, polo que se lle da publicidade ao acordo do Consello da Xunta de 12 de xuño de 2020 -DOGA Nº115 de 13 de xuño- e demais normativa autonómica aplicable).

Friol, na data da sinatura dixital á marxe.

O ALCALDE,
José Angel Santos Sánchez.

